



|| o órgano da compañía doutra maneira

marzo - xuño de 2009
Igrexa da *Compañía*
da *Universidade* de
Santiago de Compostela
20.30 horas



|| o órgano da compañía doutra maneira

O *órgano da Compañía, doutra maneira* é un proxecto multidisciplinar que pretende darlle vida a este valioso instrumento musical, patrimonio da Universidade e da cidade de Compostela, a través dun achegamento diferente á súa música e ás súas posibilidades e recursos acústicos e expresivos.

Na que é xa a súa segunda edición, o ciclo amplía o seu espectro multidisciplinar para dar cabida a xéneros artísticos diversos, non só musicais. Desta volta, achegarémonos á música de órgano desde estilos tan diversos como o jazz a improvisación, a música para instrumentos góticos de tecla ou a danza barroca, nunha singular simbiose entre a sobriedade e a maxestade do órgano da igrexa da Compañía e a variedade rítmica, sonora e visual dos instrumentos contemporáneos e das coloridas coreografías barrocas.

O noso protagonista, o órgano da Compañía, reinvéntase unha vez máis a si mesmo, para facer jazz, música contemporánea, ambientar a escena de dous bailaríns ou para traernos de novo os sons dos órganos góticos que desapareceron hai xa moito tempo das nosas igrexas.

Un programa sorprendente da man de artistas excepcionais nun discurso aberto aos públicos máis diversos.

O órgano da Igrexa da Compañía foi construído en 1801 polo compostelán José Sanz, para o Colexio de Capeláns de Sancti Spiritus, que celebraba entón os seus cultos no templo. Foi restaurado polo taller de organaría de Gerhard Grenzing en 1998. Situado no coro alto da igrexa, no lado esquerdo, o órgano é de tipo polifónico con teclado único de xanela, e destaca polos seus vinte e catro xogos, que inclúen os frautados, címbalas, cornetas, trompetas reais ou claríns, entre outros.

Se ben construído xa a principios do século XIX, continúa a representar as características propias do órgano barroco español. Destaca, pola súa espectacularidade, a trompetaría de fachada ou de batalla, cos seus tubos horizontais. É esta unha característica exclusiva do órgano ibérico, como tamén o é o denominado teclado partido que posúe este órgano e que permite, cun só teclado, combinar rexistros (e polo tanto sonoridades) diferentes, un rexistro da metade do teclado cara ás notas máis agudas (para a man dereita) e outro cara ás notas máis graves (para a man esquerda).

Organiza
Vicerreitoría de Cultura da USC

Idea e produción
Sirgo Torcendo

Colabora
SINSALaudio

Deseño
miramemira

Imprime
Unidixital

TERZA FEIRA 31 DE MARZO

20.30 horas

ENTRE TEMPOS

JAZZ NO ÓRGANO DA COMPAÑÍA

MtW

Thomas Mandel, saxofón

Thomas Wall, violonchelo

Daniel Oman, guitarra acústica e laúde

Wolfram Derschmidt, contrabaixo

Martina Schobersberger, órgano

O grupo de jazz austríaco MtW interpreta composicións propias nun programa que mestura a música antiga e o jazz e no que se combinan o saxo, o violonchelo, a guitarra o laúde e o contrabaixo, e experimenta con eles sons pouco comúns e sorprendentes.

Xunto a eles, o órgano da Compañía, da man da organista Martina Schobersberger, porá o complemento acústico coa súa forte personalidade e variedade de recursos sonoros, transformándose nun instrumento tamén apto para interpretar músicas “doutra maneira”.

Unha mestura a medio camiño entre o minimalismo, o jazz e a música clásica. Un encontro co imponente son do órgano entre o antigo e o contemporáneo.



Programa

Thomas Mandel (* 1965)

Thomas Mandel

Thomas Wall (* 1958)

Robertsbridge Codex (ca. 1325/50)

Antoine Brumel (ca. 1460 – 1515)

Arvo Pärt (nacido en 1935)

Thomas Daniel Schlee (nacido en 1957)

Thomas Mandel

Thomas Wall

Thomas Mandel

Thomas Mandel

Thomas Wall/Thomas Mandel

Elo ip (cuarteto e órgano)

Opran (para violonchelo, saxo soprano e guitarra)

2 Fantasiestücke (cuarteto)

Estampie (órgano solo)

Tandernack (arraxos Daniel Oman) (cuarteto e órgano)

Trivium (I & II) (1988)

Epithalamium (de „Sept pièces blanches“ para órgano, 1982) (órgano solo)

I pop Ne (cuarteto)

Bach – Aram (solo / cuarteto)

Tüüre Over (cuarteto e órgano)

You're The One (cuarteto)

Andaluc (cuarteto)

MtW Trátase dun grupo instrumental que xorde do diálogo entre músicos procedentes de estilos moi diversos, desde músicos de formación clásica ou especializados na música antiga, até aqueles que orientan a súa actividade cara ao jazz, proxectando o seu traballo máis aló das forneiras entre os diferentes xéneros.

MtW foi fundado en Linz, con motivo do Festival Internacional e Danza en 1992, polos


músicos Thomas Mandel e Thomas Wall. O seu primeiro grande concerto tería lugar en Praga en decembro de 1992 xunto cos artistas do teatro negro de Praga no espectáculo “A lanterna máxica”. Teñen actuado co dúo de danza Editta Braun e Jean-Eve Gonoux e co internacional violinista de jazz Rudi Berger e levan a cabo un traballo experimental co Blue Chip Academy St. Martin.

Thomas Mandel

Thomas Wall

Daniel Oman

Wolfram Derschmidt



En 2001 editan o seu primeiro CD „Photoness“ con composicións de Thomas Mandel e Thomas Wall así como traballos do compositor Augustinus Franz Kropfreiter, que foi presentado nun concerto en St. Florian (Austria).

En 2001, incorpórase ao grupo Daniel Oman (guitarra e laúde) e en 2004 Wolfram Derschmidt (contrabaixo).

O grupo recibe constantes convites dos Festivais internacionais máis relevantes e recibiu nos últimos anos un gran recoñecemento por parte da crítica e do público.



Martina Schobersberger

Martina Schobersberger, órgano

Nacida en Linz, Austria, cursa estudos de pedagogía instrumental na Anton Bruckneruniversität de Linz e órgano co profesor August Humer, rematando os seus estudos coas mellores cualificacións. Foi profesora na Landesmusikschulwerk de Oberösterreich ao tempo que comeza os seus estudos no eido da música antiga na Musikhochschule de Trossingen (órgano con Andrea Marcon) e na Schola Cantorum Basiliensis (órgano con Jean-Claude Zehnder e clavecín con Andrea Marcon); obtivo en ambos os dous estudos o título de diplomada. Durante ese tempo foi tamén organista na Marienkirche de Olten en Suíza.

Desenvolve a súa carreira concertística no eido internacional como membro do *Oman Consort*; como solista e instrumentista de diversos grupos de cámara e orquestras, participou en diversas gravacións para a radio e gravacións de CD. Ademais, interésase pola música medieval para *organetto* e é organista da Herz-Jesu-Kirche de Linz.

En 2004 grava o seu primeiro CD como solista de órgano, no que interpreta obras en dous órganos históricos do Renacemento e Barroco situados en Oberösterreich.

TERZA FEIRA 12 DE MAIO
20.30 horas

A MODAL PILGRIMAGE (UNHA PEREGRINACIÓN MODAL)

Jonathan Ayerst, órgano
António Augusto de Aguiar, contrabaixo

A obra do senlleiro organista lusitano Pedro de Araújo serve de contexto e pretexto para a recuperación da improvisación como elemento central da creación musical. A arte da improvisación máis ou menos regrada, nos seus diversos nomes (variación, fantasía, tento,...) foi, de sempre, unha das habilidades principais, senón a primeira, que todo bo organista debía amosar.



■ ■ ■

A maiores, a natureza libre e creativa da improvisación ten atopado acomodo nos máis diversos estilos musicais de todos os tempos. Hoxe en día todo o mundo recoñece que é a improvisación (sobre uns esquemas máis ou menos predeterminados) a principal forza creadora no jazz, por exemplo. E tamén o será no concerto de hoxe, como elemento que cohesiona un interesante programa. Así, intercaladas entre as pezas para órgano só, que en si mesmas responden a unha arte orgánica onde, como dixemos, a improvisación era unha das súas pedras angulares, atoparemos novas improvisacións á luz do século XXI no que vivimos.

Por outra banda, esas improvisacións que gozaremos hoxe en directo, construíranse sobre as escalas modais tradicionais. Son estas outros xeitos de ordenar as sete notas da escala musical como material base de partida para a composición da música. De orixe grego, as escalas modais usáronse até, aproximadamente, o século XVII, momento no que foron substituídas, na construción das melodías e os sistemas harmónicos, polas escalas maiores e menores.

É interesante notar que as obras de Araújo están tamén baseadas en escalas modais, como era tradición na época, aínda que con denominación diferente. En lugar de usar para ditas escalas as denominacións gregas

(dórico, lidio, frixio...) usan as tardomedievais Primeiro Ton, Segundo Ton, etc. Ambas as dúas nomenclaturas refírense a un mesmo concepto musical.

A figura de Pedro de Araújo resulta pouco coñecida se se ten en conta a importancia e beleza das súas composicións. Ademais do seu traballo como mestre de coro e profesor de música no Seminario de S. Pedro (Braga) (1662/1663-1668), pouco se coñece, en xeral, da súa biografía. A súa música coñecémola grazas ao traballo do musicólogo alemán Gerhard Doderer, que recompilou unha colección de obras deste autor para órgano a partir de dous manuscritos atopados en bibliotecas de Porto e Braga. Estas obras foron escritas para un tipo de órgano específico, o órgano barroco ibérico, do que a Igrexa da Compañía posúe un magnífico exemplar.

|| o órgano da compañía doutra maneira

Programa

- Pedro de Araújo (1662-1705) Consonancias de 1º Ton (órgano só)
Improvisación a dúo en Modo Dórico
- Pedro de Araújo Obra de 2º Ton (órgano só)
Improvisación para contrabaixo só sobre o tema 'Veni Creator Spiritus'
- Pedro de Araújo Medio rexistro de 2º Ton de dous tiples (órgano só)
Improvisación a dúo en Modos Eolio/Lidio
- Pedro de Araújo Fantasía de 4º Ton (órgano só)
Improvisación para órgano só en Modo Frixio
- Pedro de Araújo Obra de 8º Ton (órgano só)
Improvisación a dúo sobre o tema 'Puer Natus Est'



António Augusto de Aguiar

Jonathan Ayerst

Jonathan Ayerst, órgano

Logo de rematar os seus estudos na Escola da Catedral de Wells e na Royal Academy of Music con Nellie Akopian e Alexander Kelly, Jonathan Ayerst gañou varios premios do Munster Trust, da Fundación Hattori, da English Speaking Union, e a prestixiosa bolsa Carnwath Scholarship.

En 2000 foi nomeado pianista principal do Remix Ensemble, tocando importantes solos que incluíran os *Oiseaux Exotiques de Olivier Messiaen* (peza que foi repetida en decembro de 2008, celebrando os 100 anos do nacemento do compositor). Paralelamente, deu varios recitais en salas como a Wigmore Hall, a Purcell Room en Londres, e o Museu Gulbenkian. Jonathan Ayerst tamén gravou o repertorio integral para violín e piano de Franz Liszt en Hyperion.

Foi organista principal na igrexa de St. Benet Fink en Londres, e deu concertos de órgano en Alemaña, Reino Unido, e en varias igrexas de Porto como a Igrexa de Nossa Senhora do Marquês e a Igreja da Cedofeita.

Cun repertorio verdadeiramente ecléctico, Jonathan Ayerst tamén incluíu nos seus recitais composicións súas, editadas pola Warwick Music. En febreiro deste ano deu dous concertos, un deles, ao órgano histórico Silbermann de Karlsruhe, Alemaña.

Jonathan Ayerst dedicou moito tempo ao traballo con mozos, ofreceu seminarios de música de cámara, piano e lectura a primeira vista na Escola Superior de Música de Porto (ESMAE).

O seu traballo con mozos cantores valeulle un premio da National Federation of Music Societies do Reino Unido. Recentemente foi convidado para iniciar un novo proxecto, o curso de improvisación na Academia de Música de Espinho.

A partir de setembro de 2009 será mestre asistente de Paul Hillier na nova formación da Casa da Musica, Coro Casa da Musica.

António Augusto de Aguiar, contra-baixo

Contra-baixo primeiro do Remix Ensemble desde a súa fundación en 2000, António é tamén membro do grupo de cámara “Camerata Senza Misura”, co que ten gravado o CD “Miguel Torga - retratos e paisagens” (Numérica label). Tras a súa formación na Escola Superior de Música do Porto con Florian Pertzborn, completa os seus estudos cun mestrado en “Performance MMus” da Royal Academy of Music in London con Duncan McTier.

Recibiu o premio “Special Foundation Award” ademais do diploma “Licenciate - Double Bass teacher”. En 1999 gañou o “Manlio & Selma Di Veroli Double Bass Prize”.

A partir de 1992, António Aguiar comeza a desenvolver un especial interese polo Jazz,

tocando na “Orquestra de Jazz de Matosinhos” durante 5 anos. Participou na gravación dos CD “A Lenda” de Carlos Azevedo, “Encomenda” co Quinteto de Mário Santos, “Narsad Suite” de Luís Lapa e “Ad Libitum” para contra-baixo solo.

António é profesor na Escola Superior de Música e das Artes do Espectáculo de Porto. Na actualidade realiza o seu doutoramento na Universidade de Aveiro sobre o tema improvisación, forma e memoria.

|| o órgano da compañía doutro maneira



TERZA FEIRA 2 DE XUÑO

20.30 horas

PAISAXES ORGÁNICAS

DANZAS PALACIANAS E DE TEATRO CONCERTADAS
AO ÓRGANO

(TOMADAS DO "AMENO HUERTO DE FLORES DE MÚSICA" DE
ANTONIO MARTÍN Y COLL, EDICIÓN 1707)

Erregelak obradoiro de
danza histórica

Eva Narejos, danza histórica

Peio Otano, danza histórica

Soledad Mendive
órgano



Antonio Martín y Coll (1680-1734), monxe franciscano, foi organista na igrexa de San Diego de Alcalá de Henares e na Basílica de San Francisco el Grande de Madrid e publicou, a comezos do XVIII, unha colección de música para órgano de catro volumes titulado "Flores de música", no que compilou varios centos de obras de diversos autores españois e europeos, a maioría deles anónimos pero probablemente moi coñecidos na súa época.

Unha parte substancial do seu libro compoñena as danzas. Este tipo de pezas, de diversas orixes e tipos, eran recollidas habitualmente nas coleccións de música para instrumento solista. Na península ibérica, en particular, atópanse abundantes exemplos de danzas nos libros para guitarra barroca. No caso de Martín y Coll, é esa pluralidade a que fai entender o título: "...huerto de flores de música...". Partindo, pois, desa base, o programa que imos gozar agrupa en tres bloques principais (chamados Bayletes) as danzas, bailadas en diferentes estilos, actuando como "entreacto" a música de órgano a solo.

|| o órgano da
compañía
doutra maneira

Programa

"A parte de danza deste concerto recolle aquel espírito harmonioso que facilitou un florilexio de heteroxéneos aires. Foi o organista Martín y Coll quen se inclinou, nesta ocasión, por agrupar sons diferentes e coñecidos entre os tanxedores europeos, diluíndo así, figuradamente entre os seus pregos, as fronteiras dunha Europa convulsionada polas ansias de poder político.

A poética coa que titulou as súas páxinas (Flores de Música..., Pensil Deleitoso..., Huerto Ameno..., Ramillete Oloroso...) define con claridade o seu principio, pois consiste nun mosaico sonoro que reúne tons musicais errantes entre os dedos e as plumas daqueles ilustres compositores áureos.

As súas partituras son a nosa fonte parnasoica; así, entre o seus tentos, atopamos tecidos cadenciosos que nos seducen a compoñer *bayletes* en tres estilos coreográficos conforme ás regras da época, aos que sumamos tres ideas musicais: en primeiro lugar, con aire palaciano italiano a constante entre os bailaríns versará sobre a metáfora do eco; en segundo lugar, baixo a dinámica hispana os bailaríns alternarán en constante diálogo desafiante e, por último, segundo os canons da academia francesa, ambos se fundirán nunha elegante e harmónica simetría.

Sumando a entrada e a despedida son en total cinco partes bailadas ao tento do órgano".

|| o órgano da
compañía
doutra maneira

ENTRADA EN PASEO *Danza de Achas*

Anónimo (*) *Entrada de clarines, antes de tocar canciones*

BAYLETE PRIMERO *Ricercando // Canción de Clarines - Ballo di Dame - Eco - Canción Catalana*

Anónimo (*) *Discurso de man dereita para corneta e ecos*

BAYLETE SEGUNDO *Contrapunto con buen ayre // Prado de San Gerónimo - Villano- Xácara - Canarios- Ruede la Bola*

Diego Xaraba y Bruna (1662-1715) (*) *Obra de cheo de terceiro ton*

BAYLETE TERCERO *À deux voix // Marche de Gautier - Obra de Pensie - Zarabanda - Entrada de Bretons*

Anónimo (*) *Batalla de quinto ton*

REMATE FINAL *La gavota del silencio // Javoste de Ardel*

(*) órgano solo

“Agardamos honrar desta sorte tanto ás nove Musas do Parnaso coma a todos vos”.

Soledad ^{Mendive, órgano}

Licenciada en Ciencias da Educación pola Universidade de Barcelona, realizou estudos de Órgano cos profesores J. L. González Uriol (grao medio, Zaragoza) e M. Torrent (grao superior, Barcelona). Participou en numerosos cursos de actualización dirixidos polos profesores Daniel Roth, Andreas Arand, Michael Radulescu, entre outros. Comezou a súa andaina profesional no Santuario de Torreciudad (Huesca), no que foi organista e directora do Departamento de Música. Desde o ano 1996 dirixe o Festival Clásicos na Fronteira, cuxo obxectivo principal é ofrecer ao turismo do Alto Aragón unha oferta de calidade

a través da música clásica. En setembro de 2003 concedéronlle o Premio Calibo á Mellor Iniciativa Cultural da comarca da Ribagorza (Huesca).

A súa actividade como concertista desenvólvese en numerosas capitais españolas e en diversas cidades de Italia, Croacia, Noruega, Portugal, Alemaña e México. No pasado 2005, entre outras actividades, con motivo do 250 aniversario da finalización da praza Maior de Salamanca, participou no Ciclo Plaza Sacra cun concerto de órgano na capela da universidade. En outubro dese mesmo ano, ofreceu un concerto na cidade de Sant Elpidio a Mare (Italia) dentro dos actos

organizados polo comité nacional para a celebración de Cristóbal Colón. Ademais, ofreceu concertos na illa de Madeira (Portugal) e en Manila (Filipinas).

Nos últimos anos realizou diversas gravacións discográficas: *Misa Solemnis* de Jesús Legido (Valladolid, 1995) coa Orquesta de RTVE; *El Gran Órgano de Torreciudad* (1997); *Música de los siglos XVI y XVII* (Medina de Rioseco, 1997); *Concierto de trompa, trompa alpina y órgano* (catedral de Málaga, 2003); *Concierto de arpa*, con M^a Rosa Calvo Manzano, e órgano (catedral de Málaga, 2004).

Soledad Mendive é, na actualidade, profesora de Órgano do Conservatorio Profesional de Música de Ourense e directora artística do Ciclo de Órgano de Xunqueira de Ambía (Ourense).

Eva Narejos

Nacida en Alicante estuda piano e danza clásica, e toma posteriormente contacto coa danza histórica. Forma parte das compañías de danza Esquivel, Barroc-Ballet, Erregelak e do grupo de música antiga La Lyra Hispana, onde desenvolve o proceso de creación coreográfica.

Actualmente é profesora repertorista de canto no Conservatorio Superior de Música Óscar Esplá de Alicante e ofrece cursos de danza renacentista e barroca por toda a xeografía española, ao tempo que desenvolve a súa traxectoria artística como membro do obradoiro Erregelak.

Peio Otano Eguaras

É na súa etapa escolar, no grupo de danzas infantil da Ikastola “San Fermín”, onde comeza a súa inquietude polas danzas populares e a música tradicional da súa terra. Entra a formar parte da Asociación Iruña Taldea de Pamplona co interese de estudar, manter e potenciar diversos aspectos da cultura tradicional vasca. Ao tempo, durante 10 anos mergúllase no canto vasco e a polifonía antiga europea coa Coral Irubide. Compaxina a súa actividade artística con estudos oficiais na escola de Profesorado de EXB e no Conservatorio Superior de Música “Pablo Sarasate”, estudando frauta barroca cos profesores Agostino Cirilo, Ernesto Shmied e Iñigo Casalf. En 1992 obtén o título de “Especialista en Técnicas de Expresión” pola Escuela de Expresión de Euskadi.

A partir de 1990 imparte cursos e obradoiros de danza folclórica tanto a nenos como a adultos. Nos últimos anos foi convidado como profesor de danza vasca polo “Centre d’Artesa Tradicionarius” de Barcelona, a “Escola de Dança Ginasiano” de Porto e a “Asociación Cultural El Bassot” de Valencia.

A súa inquietude pola danza, levoulle a practicar tanto a danza contemporánea como a histórica. Desde 1996 e durante 6 anos formou parte da compañía de danza contemporánea Tempomóvil, e realizou estudos de danza especializándose cos profesores B. Massin, F. Denieau, C. Gracio e J. Shrappe (barroco francés), M.J. Ruiz Mayordomo (renacemento e barroco español), B. Sparti (rena-

cemento italiano) e S. Vibot (contradanzas inglesas).

En 1995 constitúe en Pamplona o Taller de Danza Histórica Erregelak co obxectivo de estudar a posible relación entre a danza popular e a danza antiga. Neste sentido, traballa na posta en escena e na coreografía de varios espectáculos. Impartiu cursos de danza histórica para músicos e actores e desde 2001 é *Maestro de Danza de Infanticos* da Catedral de Pamplona.

Na actualidade investiga sobre os bailes de sociedade do século XIX e pertence aos colectivos artísticos: Ensemble Durendal (música antiga), Fontegara (cuarteto de frautas de bico), Danburia (música de cámara folk) e Erregelak (danza histórica).

|| o órgano da compañía doutra maneira



TERZA FEIRA 23 DE XUÑO
20:30 horas

JOHAN DELS ORGUENS E OS MENESTREIS DE TECLADOS NA CORTE DE JUAN I DE ARAGÓN

Tasto solo

David Catalunya, *clavisimbalum*
Guillermo Pérez, órgano e organetto



“Segons que havem entes, vos havets un ministrer entrels altres que es abte de tocar exaquier e los petits orguens. E com nos lo desigem haver en nostre servey, pregam vos afectuossament quel dit ministrer, lo qual es appellat Johan dels orguens, nos vullats trasmetre sens falla, car grant placer nos en farets... ..E digats al dit Johan que aport lo llibre on te notades les estampides e les altres obres que sab sobre l'exaquier e los orguens. Rex Johannes”

Antigamente conservado no histórico Pazo do Lloctinent, no corazón do barrio gótico de Barcelona, hoxe en día hai que chegar até as doce salas de seguridade construídas no novo edificio da rúa Almogàvers para poder acceder aos secretos do Arquivo da Coroa de Aragón. Creado en 1318 polo rei Jaime II, chamado “el Justo”, este maravilloso centro documental foi durante séculos un completo arquivo real, e persiste hoxe en día como unha institución única en Europa, dadas as dimensións dos seus fondos e, nalgúns casos, a singularidade dos mesmos. Desta maneira, grazas ás chamadas “Cartas Reais Diplomáticas”, copias oficiais da correspondencia saínte, é posible reconstruír un marco moi preciso da actividade musical relativa aos últimos monarcas cataláns de finais do século XV, feito completamente excepcional na historia de Occidente.

A figura de Juan I de Aragón, “Amador da Xentileza”, está sen dúbida, estreitamente ligada a un dos períodos máis importantes para a difusión da arte musical no seo da Casa Real Catalano-Aragonesa. Baixo o seu reinado, a im-

portación da *Ars Nova*, así como a da *Ars Subtilior*, foi unha das principais prioridades dun soberano que, desde a súa máis temperá idade, mostrou o seu apego polas correntes estéticas do país veciño e permaneceu como un insaciable consumidor do “gusto francés”.

É pois, grazas ás cartas conservadas no Arquivo da Coroa de Aragón, que se revela a implicación absoluta deste rei melómano na xestión da súa capela e dos seus menestreis. Podemos ler así incontables correos de Juan I adicados aos temas máis variados: a compra de novos libros de música “*vos havem escrit que ns enviesets als cuns libres que havem mester a ops nostra capella*”, as xestións para o encargo de novos instrumentos “*vos rogamos que nos fagades ayna acabar los organos e el xiquier*”, “*vos trametem una letra en la qual se contenia que ns comprasetes un laut bo e fi guitarreny*”, a adquisición de cordas “*que d'aquests dies nos trametessets cordes d'esturments a la manera que us haviem manat*”, a reparación ou decoración de instrumentos, o contrato de novos músicos “*Axi mateix de França nos es vengut un hom qui sab tocar l'arpa e la rota*”, o envío dos seus menestreis ás chamadas “*escoles de ministrers*”, os seus soldos, pensións... Exemplos que só constitúen unha ínfima parte das accións dun monarca omnipresente e cuxa actividade artística foi frenética.

É igualmente grazas aos documentos do Arquivo que se pode observar unha significativa especialización dos músicos, que progresivamente durante o reinado de Pedro IV de Aragón

“el Ceremonioso”, pasarán a ser chamados “menestreis” en lugar de simples “xograres”. Esta especialización farase igualmente visible nas preferencias de cada monarca. Pola súa parte, Juan I manterá a afección de seu pai polos instrumentos “altos” (como a chirimía ou a bombardá), ao tempo que desenvolverá na súa corte unha notable agrupación de arpistas (tanxedores de arpas “simple”, “dobre” ou incluso “gran dobre”).

Pero serán os instrumentistas de teclado os que ocuparán un lugar privilexiado ao longo do século XIV: repetíranse os encargos e as compras de “exaquiers” (clavecín medieval), “clavicytherium” (“un esturment semblant d’orgues qui sona ab cordes”), “orguens” e “petits orguens” (órganos portátiles), así como un incesante cortexo de teclistas e organistas para a capela (*Gilet lo Gay, Vicenç de Flandes, Nicholau dels orguens...*). Entre eles, o monarca fixarase en Jehan Visée, chamado “Johan dels orguens”, gran virtuoso do “exquier e os petits orguens”, que mandará traer desde Borgoña entre os anos 1388 e 1389, non sen recordarlle que leve consigo “*lo llibre on te notades les estampides e les altres obres que sab sobre l’exquier e los orguens*”.

Este precioso panorama correspondente ao desenvolvemento e ao lugar dos instrumentos así como o dos instrumentistas de teclado neste contexto, contrasta desafortunadamente coa ausencia de repertorio puramente instrumental da época conservado nos territorios da Coroa. Por esta razón, Tasto Solo escolle para esta produción unha serie de manuscritos compostos prin-

cipalmente por música vocal relixiosa, algúns dos cales son moi pouco coñecidos e están relacionados cos principais centros artísticos Catalano-Aragoneses deste período: Barcelona, Palma de Mallorca, Montserrat, Girona, Ripoll... Ao seu lado, o conxunto ten traballado sobre famosos compositores que se atoparon baixo a protección de Juan I (como Senleches ou Trebor), e sobre o repertorio máis “internacional” de finais do século XIV. *Ars Antiqua*, *Ars Nova* e *Ars Subtilior* altermáanse ao son da glosa instrumental, tal e como se facía outrora baixo os dedos expertos de “*Johan dels orguens*”.

Guillermo Pérez

|| o órgano da compañía doutra maneira

Programa

Anon. Benedicamus Domino I [Fa117]
 Anon. O virgo splendens [E-MO1]
 Anon. Kyrie - Iesu parce ei [E-Pm]
 Anon. Conductus - Gloriose matris Dei [E-Barc1]
 Anon. Conductus - Ad honorem summi patris [E-Bd251]
 Anon. Sanctus, Conductus - Ad honorem Virginis [E-Barc1]

Anon/
 G. de Machaut. *Ballade* Hont peur [Fa117]
 Anon. *Estampida* [Lo28550]
 Anon/ F. Landini. *Ballata* Che pena questa [Fa117]
 Anon. *Istanpitta* Isabella [Lo29987]

J. R. Trebor. En seumeillant [F-Ch564]
 J. de Senleches. En ce gracieux tamps [F-Ch564]

Anon. Kyrie - Cunctipotens Genitor Deus [Fa117]
 Anon. Benedicamus Domino II [Fa117]
 Anon. O virgo splendens [E-MO1]

Fontes

E-MO1: Montserrat, Biblioteca del Monestir, Còdex I (Llibre Vermell). E-Pm: Palma de Mallorca, Museu Diocesà, MS s/n. E-Barc1: Barcelona, Orfeó Català, MS I. E-Bd251: Barcelona, Biblioteca de Catalunya, MS 251. Fa117: Faenza, Biblioteca Comunale Manfrediana, MS 117. Lo28550: London, British Library, Add. 28550. Lo29987: London, British Library, Add. 29987. F-Ch 564: Chantilly, Bibliothèque du Musée Condé, MS 564.



Tasto Solo

Organa e organetti, clavisimbala, exaquiers, clavictheria, clavicordia... Froito dun proxecto sen precedentes, Tasto Solo nace co ambicioso propósito de restituír unha das antigas culturas instrumentais máis fascinantes e descoñecidas dos nosos días. Novas lecturas das fontes, unidas a un traballo altamente experimental, levan o ensemble á recuperación dos máis importantes repertorios de teclado dos séculos XIV e XV. Paralelamente, Tasto Solo dirixe un minucioso proxecto de investigación e reconstrución que dá vida a un completo instrumental gótico.

A través da busca dunha literatura e dunha estética propia dos instrumentos de tecla, da comprensión das súas orixes e do seu desenvolvemento, Tasto Solo explora por igual as ineludibles relacións con outras familias de instrumentos, así como coa performance vocal. Deste modo, as diversas formas históricas de diminución, *o alternatim*, o contrapunto *alla mente* ou a improvisación —por citar varios exemplos— configuran algunhas das singulares riquezas dun conxunto integrado por recoñecidos solistas chegados dos máis variados horizontes da música antiga.

Gañador do prestixioso concurso IYAP-Early Music 2006 do festival Laus Polyphoniae de Amberes, as actuacións de Tasto Solo son celebradas pola crítica especializada e acollidas con grande entusiasmo polo público. Tras o éxito da produción do programa *Meyster ob allen Meystern*, convidase o grupo aos máis prestixiosos festivais

e salas de concertos internacionais: Concertgebouw de Bruxas, Amuz de Amberes, Festival de Utrecht, Fondation Royaumont, Printemps des Arts de Nantes, WDR Festival, Festival Radovljica, Semana Internacional do Órgano de Granada, Festival de Música Antiga de Sevilla, Santiago de Compostela, Olivares, Toledo... Con propostas excitantes e reveladoras, o grupo consolídase indiscutiblemente como unha das apostas máis sólidas e innovadoras no campo dos repertorios tardomedievais.

Guillermo Pérez

Nacido en Barcelona en 1980, Guillermo Pérez leva a cabo unha insólita carreira no mundo dos instrumentos de tecla medievais. Recoñecido na actualidade como un dos escasísimos e excepcionais *organettistas* profesionais, desenvolve a súa actividade no estudo dos diferentes reperto-

rios instrumentais dos séculos XIV e XV, protagonizando unha brillante carreira concertística á fronte do seu conxunto, Tasto Solo, así como no seo dos máis destacados *ensembles* internacionais dedicados á música medieval: Mala Punica, Micrologus, The Unicorn Ensemble, Canto Coronato ou La Morra. Participa en numerosas producións discográficas gravando para os selos Naïve, Zig-Zag Territories, Passacaille e Pneuma, así como para a radio e a televisión (RNE, Radio France, Klara, WDR, RTV Slovenija...). Colabora igualmente nas actividades do recoñecido conxunto vocal Musica Nova e do grupo De Pulchrae, co que foi laureado no concurso internacional FNAPEC 2003 de París.

Diplomado en Frouta de Bico e Piano en España, Guillermo Pérez interesouse polos repertorios tardomedievais cando se atopaba ampliando estudos en Italia e Francia, principalmente baixo a dirección de Pedro Memelsdorff. Tras perfeccionarse na Civica Scuola di Musica de Milán e no Conservatoire National de Région de Toulouse, emprendeu un exhaustivo traballo autodidacta na práctica do órgano *portativo* que o levou a desenvolver un completo estudo técnico do *organetto*, de interpretación do seu repertorio, dos seus diferentes modos de expresión e da súa construción.

Recibe unha bolsa da Fundación Güell para o mestrado internacional Ars Nova in Europa: Ricerca, Analisi, Interpretazione, onde realiza unha crecente actividade pedagóxica impartindo cursos, clases maxistrais e conferencias, xa sexa relacionados cos instrumentos medievais de tecla ou coas súas investigacións relativas ao

repertorio (Schola Cantorum Basiliensis, Curso de Música Antigua de Gijón, Corso di Musica Medievale di Orte, Konservatorium Wien...). Tamén participa en diversos proxectos de recuperación organolóxica. Colabora regularmente co Centre Itinérant de Recherche sur les Musiques Anciennes (CIRMA) dirixido por Marcel Pérès, coa Compagnie RenaiDanse de Véronique Daniels, e é director musical da Companyia Baixadansar, coa que desenvolve traballos de investigación e creación en torno á música e á danza do século XV.

Guillermo Pérez

David Catalunya

